

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Rianxo (expediente IN407A 2024/300-1).

Expediente: IN407A 2024/300-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.

Denominación: Instalación de Telecontrol en LMT BOI807 en 9RW26BR9//42-A5

Termo municipal: Rianxo

1. Características técnicas:

Instalación dun Reconnectador telecontrolado en apoio con matrícula 9RW26BR9//42-A5 da LMTA BOI807.

Como consecuencia desta actuación faise necesaria a substitución do apoio de formigón existente 9RW26BR9//42-A5 por un novo apoio tipo celosía C-2000-18 usando unha cruceta H35 en amarre, e o retensando dos vans entre os apoios 42-A4 e 42-A6, LA-110.

2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).





- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1555/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos.





Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Director territorial





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Rianxo

Nº parcela	Paraxe e referencia catastral	Cultivo	Propietario/a	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m2	ml aér	ml sot	m2 aér	m2 sot
1	LG Coba. Rianxo 15073A071003640000FE	Rústico/Agrar io	Comunidad de Montes Eulalia de Araño	Proyectado nº 1 (9RW26BR9//4 2-A5	2.0				

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m2 aé: superficie de servidume aérea en m2

m2 sot: superficie de servidume soterrada

